

Pautas xerais de actuación en materia de seguridade e hixiene en todas as instalacións

A UDC está a dotar as súas instalacións dos protocolos e recursos humanos e materiais precisos para garantir o seu axeitado estado de hixiene, de conformidade co indicado nas diferentes normativas sobre a COVID-19, en particular para:

- reforzar as tarefas de **limpeza e desinfección** das instalacións;
- ofrecer a **información** necesaria ás persoas usuarias;
- garantir o **tránsito seguro** polas instalacións;
- e supervisar o cumprimento das **capacidades máximas** das instalacións.

Dada a situación de excepcionalidade, desde a Área de Deportes apelamos á propia responsabilidade das persoas usuarias como principal elemento de protección ante a COVID-19, polo que solicitamos que o teu comportamento respecte os seguintes principios:

1. Prohibición do acceso ás instalacións de calquera persoa ben que presente síntomas compatibles coa COVID-19, ben que estivese en contacto con persoas infectadas ou sospeite que o estivo. Se xa estás na instalación, avisa inmediatamente ao persoal.
2. Mantemento da distancia interpersoal de seguridade de 1,5 m en todas as dependencias.
3. Uso obrigatorio de máscara.
4. Lavado frecuente das mans cos hidroxelos distribuídos pola instalación.
5. Recollida e desinfección, cos medios proporcionados pola UDC (desinfectante e papel ou toallíñas desbotables), dos equipamentos e materiais unha vez finalizado o seu uso.

Así mesmo, recoméndase que as persoas pertencentes aos grupos vulnerables á COVID-19 non asistan ás instalacións: persoas con diabetes, enfermidade cardiovascular (hipertensión incluída), enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, embarazo e maiores de 60 anos.

Estas pautas xerais poderán modificarse en calquera momento para adaptarse á normativa sobre a COVID-19 vixente.

GRAZAS POLA TÚA COLABORACIÓN. ENTRE TOD@S, PARAMOS ESTE VIRUS!

Área de Deportes